




Area / Unidade TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO T. INFORMÁTICA A1- RR.HH PE0000 ab	Documento 10817104C0	
Código de verificación  144Q 1K4S 1Y25 0L33 1A5A	Expediente 108/2022/1873	
	Data 17-04-2023	

ANUNCIO DA RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS ÁS CUALIFICACIÓNS DO SEGUNDO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A COBERTURA DE 3 PRAZAS DE TÉCNICO/A DE INFORMÁTICA. SUBGRUPO A1, QUENDA LIBRE (C.E. 1/22) (BOP núm. 204 do 27/10/2022)

Alegación presentada por D. José Antonio Cotelo Lema:

O 10.04.2023, con código de asento RMPE170KGY, a través do rexistro xeral do Concello, o aspirante D. José Antonio Cotelo Lema presentou unha alegación ás puntuacións do segundo exercicio na que recolle o seguinte: *“Que se ben estaría encantado de que lle mantivesen a nota que nel lle acreditan, non pode evitar observar que se indica que respondeu á Opción 1 do exame, cando en realidade o fixo á Opción 2. Dado que o número de preguntas de cada unha das opcións é distinto e aínda que a Opción 2 tiña 5 exercicios se lle asignan notas nos exercicios 6 e 7 (como correspondería se de verdade tivese respondido á Opción 1), é imposible que isto se deba a un mero erro de transcripción do número de opción do seu exame, debendo necesariamente significar que o tribunal lle está asociando a nota de outro opositor (e por ende a súa a algún outro).”*

Consideracións do tribunal:

O Tribunal comproba a existencia do erro manifestado.

A confusión debeuse á coincidencia dos cinco últimos díxitos de ambos códigos. Unha vez contrastados a totalidade dos dez díxitos dos códigos, compróbase que a correcta asignación entre identidades dos aspirantes e os códigos do exame é a seguinte:

Joaquín Rey Veiras (código 02468255808): Puntuación 34,5 (Opción 1)

Jose Antonio Cotelo Lema (código 10955855808): Puntuación 20,625 (Opción 2)

En consecuencia, o Tribunal **acorda por unanimidade ESTIMAR a alegación presentada, no sentido de apreciar o erro na atribución dos códigos, e proceder a asignar a identidade correcta do aspirante e o seu código de exame, co seguinte resultado :**

Jose Antonio Cotelo Lema (código 10955855808): Puntuación 20,625 (Opción 2).



Alegación presentada por D. Joaquín Rey Veiras:

O 10.04.2023, código de asento RMP170KK5, a través do rexistro xeral do Concello, o aspirante D. Joaquín Rey Veiras, presentou unha alegación ás puntuacións do segundo exercicio do proceso selectivo referenciado, na que solicita: *“La revisión de las puntuaciones de todos los aspirantes, pues en mi caso en la tabla de puntuaciones se indica que realicé la opción 2, cuando en realidad realicé la opción 1. A modo de verificación se añade a este documento copia de la prueba realizada escaneada en la que se responden a todas las cuestiones planteadas en el ejercicio opción 1.”*

Consideracións do tribunal:

O Tribunal comproba a existencia do erro manifestado.

A confusión debeuse á coincidencia dos cinco últimos díxitos de ambos códigos, pero, que unha vez contrastados a totalidade dos dez díxitos dos códigos, compróbase que a correcta asignación entre identidades dos aspirantes e os códigos do exame é a seguinte:

Joaquín Rey Veiras (código 02468255808): Puntuación 34,5 (Opción 1)

Jose Antonio Cotelo Lema (código 10955855808): Puntuación 20,625 (Opción 2)

En consecuencia, o Tribunal **acorda por unanimidade ESTIMAR a alegación presentada, no sentido de apreciar o erro na atribución dos códigos, e proceder a asignar a identidade correcta do aspirante e o seu código de exame, co seguinte resultado**

Joaquín Rey Veiras (código 02468255808): Puntuación 34,5 (Opción 1)

Co fin de poder ofrecer explicacións dos feitos, coa maior transparencia, o tribunal acorda citar a cada un dos aspirantes afectados polo erro arriba recollido, así como levantar e notificarlles sendas actas de comparecencia.



Alegación presentada por D. Xenxo Gonzalo Blanco Jorge:

O 11.04.2023, código de asento RMPE170L80, a través do rexistro xeral do Concello, o aspirante D. Xenxo Gonzalo Blanco Jorge presentou unha alegación na que expón: *“En la pregunta 2.1 en la arquitectura de sistemas en el firewall interno se indica como clase UTM “Unified Threat Management”. Estos tipos de firewalls proveen desde un único punto, múltiples análisis de seguridad contra los ataques más comunes; como “IDS/IPS”, filtros antispam o hasta inspección del contenido con detección de malware. <https://www.incibe.es/protege-tu-empresa/blog/utm-firewall-ha-ido-al-gimnasio>*

No se volvió hacer mención de dicha medida de seguridad y explicar sobre sus características en el punto 2.2 por la limitación del tiempo del examen. Además, procurando seguir unos criterios de coherencia en el examen, se traslada en el punto 2.1 la necesidad del teletrabajo expuesta en el punto 7.a) reflejada con un clúster de vapps. Aunque como se ha mencionado anteriormente no se vuelven a mencionar por los mismos criterios de antes.”

Consideracións do Tribunal: unha vez revisado o exame, o tribunal acorda manter as puntuacións iniciais publicadas, debido a que o que alega non xustifica o aumento de puntuación; na mesma alegación aporta explicacións que non manifesta no exercicio (explicación de UTM y referencia externa a url de Incibe), aludindo á falta de tempo.

En consecuencia, o Tribunal **acorda por unanimidade DESESTIMAR as alegacións presentadas, e manter a puntuación concedida, conforme consta na publicación provisional de notas.**

Na data da sinatura electrónica deste documento dixital

Luis Vázquez Rodríguez
Secretario do tribunal